

## 9.- PROGRAMA DA FEIRA 2011

### Xoves, 14 de xullo

#### 1ª Sesión das **Xornadas Técnicas do Viño do Rosal**

20.00 a 20.15: Recepción e entrega do material

20.15 a 20.30: Desde o Marqués de Pombal ata hoxe: Regiao Demarcada do Douro

21.30 a 22.30: Cata comentada de viños de Porto

*Sr. Pina Cabral – Enólogo da Bodega Quinta Nova*

### Venres, 15 de xullo

20.00 **Inauguración a cargo do Conselleiro de Presidencia, D. Alfonso Rueda Valenzuela**

20.30 Visita ós expositores e degustación de viños do Rosal

22.00 Actuación da **Charanga Os Charamujas**

### Sábado, 16 de xullo

#### 2ª Sesión das **Xornadas Técnicas do Viño do Rosal**

10.00 a 10.30: Os viños da subzona do Rosal

10.30 a 11.45: Cata dos viños da subzona do Rosal participantes na Feira

11.45 a 12.15: Os viños maduros da Rexión do Douro

12.45 a 14.00: Cata de Viños maduros da Rexión do Douro

*Sra. Mercedes González Rodríguez – Presidenta da Asociación de Sumilleres de Galicia Gallaecia.*

20:00 Actuación da **Charanga Big Bandbaiona**

### Domingo, 17 de xullo

11:00 apertura do recinto feiral

20:00 Actuación da **Charanga Vaite Xa**

24:00 Clausura da Feira

## 10.- ACTIVIDADES DURANTE A FEIRA

### EXPOSICIONS DO 15 Ó 25 DE XULLO

HORARIO:

De luns a venres: de 11:00 a 13:00 horas  
Sábados e domingos: de 11:00 a 13:00 e de 20:00 a 22:00 horas

### **A – Exposición no Salón de Exposicións**

**Colectivo “Médicos artistas plásticos de Galicia”:** *Pintura, escultura en pedra, fotografía, forxa en ferro, cerámica e gravado.* Este colectivo está constituído actualmente por 40 profesionais da medicina, pertencentes a distintas especialidades e a diferentes centros de traballo en toda Galicia. Teñen como profesión a medicina e viven para a Arte no escaso tempo libre que lles deixa o exercicio profesional.

A maioría dedícase á pintura, outros á escultura en pedra, o forxado en hierra, a cerámica e a fotografía. Tamén hai quen se dedica ao gravado.

Este colectivo participou en diversas exposicións como por exemplo:  
2008 Exposición itinerante “Non Camiño”, con ocasión do Ano Santo.  
2009 Exposición en Valdeorras.  
2009 Exposición en Ribadavia.  
2011 Exposición no Carballiño

Con motivo do terremoto de Haití, fíxose unha exposición no SERGAS para recadar fondos para a reconstrución do país. Ademais de participar nas exposicións colectivas, a maioría dos artistas tamén expón individualmente.  
Máis información en <http://webs.uvigo.é/mpsp/medicarte>.

### **B – Exposición Filatélica no Salón de Exposicións**

XVIII Exposición FILATÉLICA a cargo do **Grupo Filatélico e Numismático VAL DE O ROSAL**. O grupo Filatélico, igual que nas anteriores edicións da feira do viño realizou un **cuño conmemorativo do evento**. Este cuño estampárase na correspondencia que saía do Rosal durante os días da Feria.

### **C – Exposición na Cámara Agraria do Rosal**

**Cerámicas** de **LEANDRO**: Pezas artesanais de cerámica de deseño e fabricación propias.

#### **SUSI VANBECK: Cadros de aplicacións en tela.**

Naceu e creceu no suroeste de Inglaterra, os verdes outeiros de Devon e as relucentes cores da paisaxe das praias inglesas foron as que influíron na vida de Susi.

Sempre gozaba facendo cousas pero a costura era o que mais lle gustaba. Traballou de encargada de vestiario, nunha compañía de teatro en Bristol e tamén nunha compañía de teatro itinerante, gustábanlle as cores brillantes e a emoción e a emoción que lle producía o vestiario en escena.

Tivo que deixar de traballar debido a súa gran familia pero continuou cosendo non solo para os seus fillos, tamén deseñando roupa para unha tenda.

Inspirouse nun libro de pintura de Picasso para empezar a interpretar a súa obra con teas e tamén empezou a facer e vender colchas de aplique. Cando se mudou a Gales

empezou a facer exposicións dos seus traballos inspirados nas paisaxes e tamén na pintura dos artistas que ela admiraba.

Viaxando por África quedouse impresionada pola simplicidade e o poder do arte africano e desde entón trata de reflectilo na súa obra.

En 2002 facendo o Camiño de Santiago, sentiuse en Galicia como na súa casa. O forte espírito dos Celtas e os vagos recordos de Gales fai que deixe o seu país natal e se instale en O Rosal onde os seus ceos azuis e as súas paisaxes seguen inspirando o seu traballo.